

# **INDICACIONES PARA A PRESENTACIÓN DE TRABALLOS, TAREFAS E TEXTOS**



# NOTAS XERAIS



- Estarán escritos por unha soa cara e unidas con grampas.
  - Incluirán (sexa na **portada** (para os traballos) ou no **encabezamento** (para as tarefas e textos) a seguinte información: **Título, nome e curso do alumno/a, materia e avaliación** á que pertence o exercicio.
  - En caso de traballos, á portada seguiralle un **Índice** que recolla os apartados e as páxinas nas que estes se atopan, numeradas a partir deste índice. Acabarán sinalando as **Fontes** de información.
  - Os **prazos** indicados serán de obrigado cumprimento. Non se recollerán tarefas fóra de prazo.
-

# MARXES



- Deberán deixarse marxes: inferior (2 cm), superior (3 cm), dereita (2 cm) e esquerda (3 cm).
- Debe haber unha distancia adecuada entre as liñas e estar aliñadas horizontalmente.
- Os parágrafos deben estar sangrados.



# TIPOS



## A MAN

- Escritos unicamente a bolígrafo azul ou negro, nunca en lapis ou en calquera outra cor.
- Requírese que a letra sexa lexible.
- Débese coidar a limpeza

## DIXITALMENTE

- Deberase empregar un tamaño de letra 18 para o título, 16 para o encabezamento de cada apartado e 12 para o corpo.
- O tipo de letra será *Arial*, *Times New Roman* ou *Verdana*.

